

## ABAU 2021

### HISTORIA DE ESPAÑA

#### Circular informativa dirixida ao profesorado

Como en anos anteriores, ao inicio dun novo curso o grupo de traballo da materia de *Historia de España* quere achegar ao profesorado unha pequena valoración dos resultados da ABAU 2020 e as súas previsións para o curso 2020-2021.

As extraordinarias circunstancias de confinamento vividas o curso pasado e as dificultades coas que se desenvolveu a ABAU 2020, debido a pandemia da COVID-19, fan que os resultados acadados polo alumnado presentado á proba sexan pouco representativos da auténtica realidade das aulas. Con todo, achegamos uns datos xerais que proporcionen aos docentes unha primeira orientación:

#### **Primeira convocatoria (xuño / xullo)**

	2018	2019	2020
Nº exames corrixidos	9.998	9.838	12.476
Nº exames aprobados	7.478	7.401	8.789
Porcentaxe aprobados	74,79	75,23	70,45
Nota media	6,28	6,32	6,11

#### **Segunda convocatoria (xullo / setembro)**

	2018	2019	2020
Nº exames corrixidos	1.490	2.068	802
Nº exames aprobados	602	803	270
Porcentaxe aprobados	40,40	38,83	33,71
Nota media	4,11	4,25	4,02

O retroceso experimentado no número de exames aprobados e na nota media na ABAU 2020 non sorprende, tendo en conta o enorme incremento do alumnado presentado ao exame. Dado que o profesorado da materia coñece mellor que ninguén as circunstancias que permitiron ese aumento, non parece necesario afondar na cuestión, pero si sinalar que tanto a porcentaxe de aprobados (superior ao 70%) como a nota media acadada na primeira convocatoria (superior a 6) resultan máis que razoables dada a situación exposta. Esos resultados axudan a entender mellor os datos da segunda convocatoria, na que se fixeron moitos menos exames do habitual. Tamén o seu nivel foi máis baixo, aínda que a nota media de 4 non reflicta ben ese descenso. De feito, unha das valoracións xerais dos correctores refírese ás grandes disparidades rexistradas entre exames, moi superior á de cursos pasados.

Neste caso responderon a enquisa de valoración da ABAU 88 correctores e correctoras en xullo e 10 en setembro, e aínda que algún deles sinala moi graficamente que “Este ano non fai proba”, as súas observacións resultan de gran interese e revelan que a opción máis elixida polos alumnos foi a formada pola pregunta teórica e a composición de Fernando VII.

No momento de valorar os exames, os encargados da corrección reiteran cuestións xa expostas o curso pasado, e así volven sinalar o uso dos documentos e a realización da composición histórica como os aspectos da materia que se traballan insuficientemente na aula. Con todo, parece que a situación experimentou unha certa melloría, aínda que seguen detectándose erros graves, como o parafraseado dos textos, a utilización dos mesmos como pretexto para poñer todo o que saben “veña a conto ou non”, ou a confusión na súa identificación. O feito de que este ano volveuse saír unha composición sobre o reinado de Fernando VII levou a parte do alumnado a identificar o documento 1 como o *Manifesto dos Persas*, que aparecía na ABAU 2019, demostrando así que non leron o texto. Por iso é importante recordar que a composición non debe partir só do tema a tratar, senón dos documentos ofrecidos, e que estes non serán sempre os mesmos.

Ben entendido tamén que ese non foi o principal problema atopado, como explica moi ben unha correctora ao dicir que “Un dos problemas que atopei ao corrixir foi o de comprender o que cada alumno (e por tanto cada profesor que lle ensinou) entende por comentar un texto”. Posto que se fixeron máis observacións no mesmo sentido, o grupo de traballo lembra ao profesorado que no blog da materia, na categoría *Orientacións*, figura unha entrada específica sobre *a Interpretación da rúbrica da Composición de texto histórico*, que ofrece indicacións precisas sobre a maneira de resolver esta parte da proba, polo que convén atender á mesma.

Outra das cuestións sinaladas polos encargados da corrección é a necesidade de mellorar a redacción, a ortografía e a presentación dos exames. Neste sentido, o alumnado que pretende acceder aos estudos superiores debe asumir que o dominio da expresión escrita constitúe un requisito básico para logralo, e por iso figura en todas as rúbricas.

Nas rúbricas das definicións e do tema a desenvolver tamén figura a referencia á capacidade de síntese, polo que o alumnado debe ter presente a extensión recomendada en cada caso. Por falta de espazo dita extensión non figura no papel de exame, pero aparece explicitada no blog do grupo de traballo, no apartado *Orientacións sobre a Extensión de definicións e preguntas*.

De maneira puntual, detectáronse erros na elección das preguntas, de xeito que algunhas persoas non entenderon ben o tipo de exame e deixaron unha parte sen facer no caso da pregunta 1. Por iso é importante prestar atención ás especificacións do exame da ABAU 2021 que se expoñen a continuación.

## **ABAU 2021**

### **Características do exame**

Debido ás especiais circunstancias nas que se está a desenvolver o presente curso e seguindo as instrucións das autoridades académicas, o exame seguirá a filosofía do ano pasado: flexibilizar a proba non reducindo contidos, senón incrementando as opcións ofrecidas. Tamén se manteñen as premisas de partida: o modelo de exame debe ser único (sen opcións A e B) e ningunha parte do exame pode ser obrigatoria. En consecuencia, o exame da materia manterá a estrutura do ano pasado:

-4 preguntas, para elixir 2

-1 pregunta teórica articulada en dúas partes (definición de termos + desenvolvemento dun tema)

-3 composicións de texto histórico

Aínda que o modelo xeral do exame non experimenta cambios con respecto á ABAU 2019, as súas especificacións axústanse nalgúns casos, tal e como se indica a continuación.

#### **Definición de termos:**

-Mantense a oferta de 8 termos para elixir 4 (cada un deles con valor de ata 0,5 puntos)

-Modifícase o reparto entre bloques de contido, de maneira que se ofrecerán 4 termos de época precontemporánea e 4 termos de época contemporánea (2 do século XIX, 2 do século XX).

#### **Tema a desenvolver:**

-Mantense a oferta de temas, que pasan de 3 a 4, para elixir 1 (cada un deles con valor de ata 3 puntos)

-Mantéñense as especificacións dos tres primeiros (temas dos bloques 1 ao 4, de bloques distintos e cunha distribución aleatoria). O tema engadido a maiores será dun bloque repetido, é dicir, se temos 3 temas dos bloques 2, 3 e 4, o tema a maiores nunca vai a ser do bloque 1.

#### **Composición de texto histórico:**

-Mantense a oferta de tres composicións, dado que non é posible poñer 2 (é necesario incrementar as opcións) nin poñer 4 (non hai espazo na maqueta do exame).

-O curso pasado o reparto entre opcións do século XIX e opcións do século XX resolveuse a favor das primeiras atendendo ao momento no que foi publicado o exame (28 de abril) e seguindo a orde de contidos que figura no currículo oficial (DOGA 29 de xuño de 2015).

-No presente curso, a publicación das especificacións de exame no mes de outubro permite manter un reparto das composicións máis equilibrado e axustado ao modelo orixinal:

-1 composición do século XIX

-1 composición do século XX

-1 composición de cronoloxía aleatoria (do século XIX ou do século XX)

## Contidos

Mantéñense sen ningún cambio os termos para definir e os temas a desenvolver.

Composicións do século XIX: mantense a temática das mesmas, pero realízase un axuste de contidos para facilitar a explicación.

-As composicións 7 e 8: *A Restauración* e *A vida política da Restauración* refúndense nunha única composición denominada *A Restauración*.

Os contidos correspondentes a esta composicións serían os seguintes:

### - **A Restauración**

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado explicará as bases do sistema da Restauración ou sistema canovista (a súa xénese conservadora, monarquía constitucional doutrinaria, o “*turnismo*” ou quenda pacífica de partidos) e a Constitución de 1876 nos seus trazos fundamentais (soberanía compartida Coroa/Cortes, papel esencial da monarquía no nomeamento dos gobernos...). Tamén deberá facer referencia á consolidación do sistema canovista a través da configuración da “quenda pacífica” e ao funcionamento dun modelo político marcadamente oligárquico e fraudulento.

Composicións do século XX: mantense a temática das mesmas, pero realízase un axuste de contidos para facilitar a explicación.

-A antiga composición 22 (*A agonía do franquismo e os inicios da Transición*) e a composición 23 (*As primeiras eleccións democráticas e a constitución de 1978*) refúndense nunha única composición denominada *A transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978*.

-A antiga composición 24 (*A crise da UCD e o golpe de estado*) e a composición 25 (*A consolidación da democracia: os gobernos do PSOE*) refúndense nunha única composición denominada *A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE*.

Os contidos correspondentes a esta composición serían os seguintes:

**-A transición: da agonía do franquismo á constitución de 1978**

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece o contexto no que se levou a cabo a transición, así como as diferentes medidas postas en marcha polos primeiros gobernos da monarquía para chegar á implantación dunha democracia parlamentaria desde a legalidade franquista vixente. Fará fincapé na Lei para a Reforma Política, as primeiras eleccións democráticas e os principios fundamentais da constitución de 1978.

**-A consolidación da democracia: da crise da UCD aos gobernos do PSOE**

Sempre tendo en conta a información subministrada polos documentos, o alumnado deberá demostrar que coñece as dificultades básicas polas que pasou UCD e o intento de golpe de Estado que tivo lugar no contexto do proceso de substitución do presidente do goberno. Tamén explicará a política levada a cabo polos gobernos socialistas facendo referencia a unha serie de puntos básicos: o establecemento do estado de benestar e a integración de España nas institucións internacionais.

En Santiago de Compostela, a 19 de outubro de 2020

María del Carmen Saavedra Vázquez

abauhistoria@gmail.com